

● ¿Que documentación hai que presentar para rexistrar o documento de instrucións previas?

A solicitude irá acompañada en sobre pechado da seguinte documentación:

1) No caso de terse formalizado **ante testemuñas**:

- a. Documento orixinal de instrucións previas asinado pola persoa outorgante e as tres testemuñas (debe figurar o lugar e a data do outorgamento).
- b. Declaración responsable de cando menos dúas das tres testemuñas de non ter relación de parentesco ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade, nin estar vinculadas por relación patrimonial coa persoa outorgante.
- c. Copia auténtica do DNI/pasaporte da persoa outorgante e das testemuñas.

2) No caso de terse formalizado **ante notario**:

- a. Copia auténtica do documento de instrucións previas.
- b. Copia auténtica do DNI/pasaporte da persoa outorgante.

3) No caso de que se designe unha persoa **representante** e, de ser o caso, un substituto, deberase así mesmo xuntar:

- a. Documento que acredite a súa designación .
- b. Copia auténtica do DNI/pasaporte da persoa representante e, de ser o caso, do seu substituto.

● ¿Existe a posibilidade de revogar o documento?

En calquera momento o documento de instrucións previas poderá ser obxecto de **substitución** ou **revogación** por parte da persoa outorgante.

Consellería de Sanidade

Dirección Xeral de
Aseguramento e Planificación
Sanitaria

Información Divulgativa

UNIDADES DO REXISTRO GALEGO DE INSTRUCCIÓNS PREVIAS

Servizos centrais da Consellería de Sanidade
D. X. de Aseguramento e Planificación Sanitaria
Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15703 - Santiago de Compostela
Tif.: 881 54 03 13

Delegación Provincial de Sanidade de
A Coruña
Rúa Gregorio Hernández, nº 2 – 4.
15011 - A Coruña
Tif.:981 155 823 / 982 155 852

Delegación Provincial de Sanidade de
Lugo
Rúa Montevideo, nº 9, 1º andar
27001 - Lugo
Tif.:982 292 086 (centralíña) / 982 292 116

Delegación Provincial de Sanidade de
Ourense
Avda. de Zamora, nº 13
32005 - Ourense
Tif.: 988 066 320

Delegación Provincial de Sanidade de
Pontevedra
Avda. de Vigo, nº 16
36003 - Pontevedra
Tif.: 986 885 334

INSTRUCCIÓNS PREVIAS SOBRE CUIDADOS E TRATAMENTO DA SAÚDE



Información ao paciente

A túa vontade sempre primeiro

● ¿Que é o documento de instrucións previas?

É o documento en que unha persoa maior de idade, capaz e libre, manifesta **anticipadamente** a súa vontade sobre aquelas actuacións médicas a recibir ou non, co fin de que esta sexa respectada e cumprida no momento en que por determinadas circunstancias non sexa quen de expresala persoalmente.

Este documento supón un paso máis **no recoñecemento do dereito de autonomía dos pacientes**, permitíndoselles decidir sobre os cuidados e o tratamento da saúde que desexan recibir ante situacións futuras.

● ¿Quen pode outorgar o documento de instrucións previas?

Calquera persoa **maior de idade** que estea **capacitada** e actúe **libremente**.

● ¿Cal debe ser o contido deste documento?

O documento deberá ter en todo ou parte o seguinte contido:

a) Instrucións e opcións acerca dos cuidados e o tratamento da saúde da persoa outorgante, chegada unha situación en que polas circunstancias non sexa quen de expresala persoalmente.

b) Instrucións sobre o destino do corpo e dos seus órganos, unha vez chegado o falecemento.

No documento tamén se poderá nomear unha **persoa representante** para que, chegado o caso, sirva como interlocutor co/a médico/a ou co equipo sanitario para procurar o cumprimento das instrucións previas.



● ¿Como se outorga o documento de instrucións previas?

O documento de instrucións previas debe estar formalizado mediante algún dos seguintes procedementos:

a) Ante tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, das cales dúas, como mínimo, non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade, nin estar vinculadas por relación patrimonial coa persoa outorgante.

b) Ante notario (sen necesidade de testemuñas).

● ¿A quen vai dirixido o documento de instrucións previas?

As instrucións manifestadas no documento van dirixidas **ao/a médico/a ou ao equipo sanitario** que preste a asistencia á persoa outorgante, e unicamente terán eficacia cando a mesma se atope nunha situación que non lle permita expresar persoalmente a súa vontade.

● ¿Que é o Rexistro galego de instrucións previas?

É un **registro** dependente da **Consellería de Sanidade**, no cal os outorgantes de documentos de instrucións previas, se así o desexan e cumprindo os requisitos establecidos, poderán **inscribir** o seu documento de instrucións previas, ou se é o caso, a súa substitución ou revogación.

A finalidade do rexistro é **facilitar o coñecemento da existencia do documento** de instrucións previas aos profesionais que prestan a asistencia sanitaria, así como a consulta do dito documento chegada a situación en que sexa necesario telo en conta.

Este rexistro estará suxeito ás debidas precaucións de **seguridade e confidencialidade**.

Co fin de garantir a súa eficacia en todo o territorio nacional, o Rexistro Galego de Instrucións Previas estará **interconectado** co Rexistro Nacional de Instrucións Previas, onde se recollen as instrucións previas inscritas nos distintos rexistros autonómicos.

● ¿Onde se dirixe a solicitude de inscrición no Rexistro galego de instrucións previas?

A inscrición dun documento de instrucións previas farase a solicitude da persoa **outorgante**, cubrindo o **modelo** creado para o efecto.

Este modelo estará dispoñible en calquera das unidades do Rexistro galego de instrucións previas situadas na sede central da **Consellería de Sanidade** así como nas súas **delegacións provinciais**. Tamén poderá obterse a través da páxina web oficial do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

A solicitude deberá dirixirse a calquera das **unidades do Rexistro galego de instrucións previas** citadas. Tamén poderá presentarse en calquera centro hospitalario do Servizo Galego de Saúde onde se lle dará traslado á unidade do Rexistro que corresponda.

